

# Vertebrados mecos. II: peixes mariños da contorna do municipio do Grove

Por: Cosme Damián Romay Cousido<sup>1</sup> e Abrahám Padín Guillán<sup>2</sup>.

<sup>1</sup> Dpto. de Bioloxía Animal, Bioloxía Vexetal e Ecoloxía. Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña. Cámpus da Zapateira, s/n. 15071 A Coruña. E-mail: c.d.romay@udc.es.

<sup>2</sup> R/Alexandre Bóveda, 38, 2º piso. 36980 O Grove. E-mail: info@todosub.com.

## Introdución

O presente artigo sobre peixes mariños é o segundo dunha colección de catro traballos sobre os vertebrados (isto é, animais con columna vertebral ósea ou cartilaxinosa) rexistrados no municipio do Grove, que recibe o nome de “Vertebrados mecos” (referencia bibliográfica **A**). É o primeiro traballo que aborda de xeito específico a diversidade, distribución e nomenclatura de toda a ictiofauna meca, e completa a información existente para este grupo en Galicia (referencias **B** a **Ñ**).

## Área de estudo e métodos

Considérase como área de estudo a contorna mariña do municipio do Grove (suroeste de Galicia). Os vértices da zona mariña asignable ao municipio meco sitúanse equidistantes cos litorais dos concellos de Ribeira, A Illa de Arousa, Cambados e Sanxenxo. Esta área abrangue 6,5 km<sup>2</sup> de contorna mariña, que se atopa parcialmente protexida (**A**). A efectos de estudo, considéranse as cuadrículas UTM de 1x1 km que posúen parte ou a totalidade da súa área na contorna marítima municipio do Grove, en total 100 (Figura 1). Algunhas destas cuadrículas foran xa consideradas no anterior estudo de “Vertebrados mecos” (**A**). Os datos proceden principalmente do Programa de Seguimento realizado pola Unidade Técnica de Pesca de Baixura (PS-UTPB), do Servizo de Planificación da Consellería do Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia, xunto con datos propios do autor e dos colaboradores (ver Agradecementos e dedicatoria). Considéranse na Táboa 1 todas aquelas cuadrículas con ao menos unha cita (observación directa ou restos) dunha determinada especie de peixe mariño no período 1986-2014, inclusive.

## Resultados e discusión


Para o período 1986-2014 rexistráronse 124 especies de peixes de mar na contorna mariña do municipio do Grove, máis unha non determinada a nivel específico. De 103 das 124 especies existen datos de presenza en cuadrículas UTM de 1x1 km, cun total de 1521 datos non repetitivos (Táboa 1). Destes datos, o 70,0% corresponden ao PS-UTPB, e o 30,0% restante a datos inéditos. A distribución das 103 especies de peixes con datos por cuadrícula foi en xeral restrinxida no contexto das 100 UTMs da área de estudo, cunha media de 14,8±14,5 cuadrículas ocupadas por especie, cun rango de 1 a 69 cuadrículas. Destacan as citas de *Seriola dumerili* e *Dicentrarchus punctatus*, especies non mencionadas no catálogo galego de peixes (referencia **I**). Agradécese o envío de rexistros para calquera cuadrícula UTM de 1x1 km sen datos para unha determinada especie, ou nomes tradicionais inéditos, aos enderezos e/ou correos electrónicos dos autores.

## Agradecementos e dedicatoria

A Francisco J. Filgueira, José Molares e Rafael Bañón (Consellería do Medio Rural e do Mar) pola súa importante axuda. A David Villegas-Ríos (IIM/CSIC), Jesús A. Otero (Confraría do Grove), Francisco J. Romay, Antonio Fontoira García, Antonio Fontoira Domínguez, Benigno Charlín e Isaac Silva por aportar novos rexistros e notas. A Toño Maño (Tiburones en Galicia) e Atocha Ramos pola revisión do texto. Tamén a Gonzalo Mucientes (IIM/CSIC) pola súa interese. Este artigo está dedicado á memoria de Juan Carlos Cabrero Figueiro (1964-2014), bo amigo e gran coñecedor dos peixes e doutra fauna do Grove e que tería enriquecido, e moito, este artigo.

## Referencias bibliográficas (as webs sinaladas eran accesibles con data 12/1/2015):

**A.** Romay, C. D.; Cabana, M.; Cabrero, J. C.; Ferreiro, G. & González, E. 2014. Vertebrados mecos. I: Peixes continentais, anfibios, réptiles e mamíferos terrestres do municipio do Grove. *Aunios* 19: 43-48. | **B.** Rodríguez-Solórzano, M.; Devesa, S. & Soutullo, L. 1983. *Guía dos peixes de Galicia*. Ed. Galaxia. | **C.** Rodríguez, X. L. & Vázquez, X. 1992. *Peixes do mar de Galicia*. Volume I. Ed. Xerais. | **D.** Rodríguez, X. L. & Vázquez, X. 1994. *Peixes do mar de Galicia*. Volume II. Ed. Xerais. | **E.** Rodríguez, X. L.; Vázquez, X. & Álvarez, H. 1995. *Peixes do mar de Galicia*. Volume III. Ed. Xerais, Vigo. | **F.** Fernández de la Cigoña, E. 1999. *Tódolos peixes de Galicia*. Guías Natureza Galega. Ed. Ir Indo. | **G.** Fernández de la Cigoña, E. & Oujo, J. M. 1999. *Fauna das augas galega. Crustáceos, peixes, réptiles, aves e mamíferos*. Col. Natureza Galega, Vol. XIV. AGCE/IGEM. | **H.** Martínez, L. A. 2013. *Guía visual de peces de Galicia*. Versión 1.2, febreiro 2013. URL: <http://bit.do/peixes> | **I.** Bañón, R.; Villegas-Ríos, D.; Serrano, A.; Mucientes, G. & Arronte, J. C. 2010. Marine fishes from Galicia (NW Spain): an updated checklist. *Zootaxa*, 2667: 1–27. | **J.** Villegas-Ríos, D. 2014. *Peixes de Galicia*. URL: <http://peixesdegalicia.blogspot.com> | **K.** Maño, T. 2014. *Tiburones en Galicia*. URL: <http://tiburonesengalicia.blogspot.com> | **L.** Bañón, R. 2014. *ICTIOGAL*. URL: <http://ictiogal.blogspot.com> | **M.** Ríos Panisse, M. C. 1997. Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. I. Invertebrados y peces. *Verba*, Anejo 7. Univ. de Santiago de Compostela. | **N.** Enríquez, M. C. 1974. Léxico de O Grove. *Verba*, Anejo 3. Univ. de Santiago de Compostela. | **Ñ.** Romay, C. D. 2009. Historia Natural. En: Rubirosa, C. (coord.). *O Grove, foron outros tempos*. Pp. 382-385. Teófilo Comunicaciones / Dep. de Pontevedra. | **O.** Anónimo. 2014. Capturan un atún de case 25 kilos na praia da Lanzada. *La Voz de Galicia*, edición 25.06.2014. URL: <http://bit.do/atum>.



**FIGURA 1.** Mapa do municipio do Grove e concellos adxacentes, detallando a contorna marítima considerada (cor cincenta escura), as áreas de mar colindantes (cor cincenta clara) e as cuadrículas UTM de 1x1 km consideradas no presente estudo. Os números ata o 48 (inclusive) corresponden a UTMs xa analizadas na anterior entrega de “Vertebrados mecos” (referencia A), e que se completan nesta entrega con novos datos e con información doutras 59 cuadrículas máis.

**TÁBOA 1.** Peixes mariños rexistrados na zona de estudo (ver Figura 1) entre 1986 e 2014 inclusive. Para a taxonomía (nome das familias e secuencia de especies) séguese a referencia I. Os nomes subliñados son aqueles propios do Grove (recollas dos autores, de persoas citadas en agradecementos e escolma das referencias M e N). Os nomes sinalados en grosa (negriña) corresponden aos datos na obra F. As cifras en grosa corresponden ao total de cuadrículas ocupadas por cada especie. Os números subliñados corresponden a recollas dos autores ou aportacións das persoas citadas en agradecementos, inéditas ata agora, agás se se indica a referencia bibliográfica da cita. Os números entre paréntese son daquelas citas dentro dunha cuadrícula pero fóra da contorna marítima abarcada:

### 1.1. Datos xerais:

Petromyzontidae | *Petromyzon marinus* / Lamprea, **lamprea mariña**. ▶ 4 | 6, 7, 17, 97.

Cetorhinidae | *Cetorhinus maximus* / **Marón**, **tiburón peregrino**, momo. ▶ 1 | 39 (referencia K).

Scyliorhinidae | *Scyliorhinus canicula* / Patarroxa, pintarroxa, **melgacho**. ▶ 20 | 6, 7, 30, 40, 41, 51, (52), (53), 62, 63, 65, (69), 73, 76, 80, 82, 89, 96, 97, 98.

Torpedinidae | Torpedo torpedo / Estrugha, **tremedeira cinco ollos**. ▶ 3 | 7, 16, 41.

Rajidae | *Raja brachyura* / Raia, **raia bocarroxa**. ▶ 1 | 76.

Rajidae | *Raja clavata* / Raia cravuda, raia crebuda, **raia común**. ▶ 2 | 76, 86.

Rajidae | *Raja microocellata* / Raia, **raia colorada**. ▶ 1 | 48.

Rajidae | *Raja montagui* / Raia, **raia pintada**. ▶ 1 | 80.

Rajidae | *Raja undulata* / Raia, **raia marmórea**, raia mosaico, raia ondulada. ▶ 34 | 3, 4, 5, 6, 11, 12, 13, 14, 15, 20, 21, 40, 41, 42, 46, 48, (54), 55, 56, 57, 58, 59, 69, 71, 73, 76, 77, (78), 79, 80, (81), 91, 92, 93.

Dasyatidae | *Dasyatis pastinaca* / Ferreiro, ouxa, lembrudo. ▶ 4 | 19, 20, 11, 75.

Myliobatidae | *Myliobatis aquila* / Ferreiro, ouxa, **aguia mariña**, **chucho**. ▶ 12 | 2, 3, 5, 6, 9, 11, 15, 16, 20, 21, 39, 40.

Anguillidae | *Anguilla anguilla* / Anquila, anghila, anghía, sabroso, anguía, eiroa, anguila, engüa. Meixóns (os pequenos). ▶ 18 | 1, 2, 3, 4, 6, 7, 9, 10, 11, (12), 15, 16, 17, 20, 36, 75, 78, 81.

Muraenidae | *Muraena helena* / Morea, morena. ▶ 9 | 1, 2, 7, 14, 30, 33, 38, 39, 41.

Congridae | *Conger conger* / Conghrio, concro, concrio, **congrio**, congrío. Anghiacho, anguiaco (cando son pequenos). ▶ 43 | 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 19, 21, 22, 30, 31, 45, 46, (50), 54, 56, 63, 66, 67, 69, 70, 73, 76, 77, 85, 87, 89, 90, 91, 96, 98, 101, 104.

Clupeidae | *Sardina pilchardus* / Sardiña, Xouba, xoubiña, **parrocha** (as pequenas). ▶ 18 | 16, 33, 40, 41, (50), 51, (53), (61), 71, 80, 87, 88, 90, 91, 92, 93, 97, 100.

Clupeidae | *Alosa fallax* / Sambogha, **saboga**, sabela, zaborca. ▶ 2 | 40, 45.

Clupeidae | *Alosa alosa* / Samborca, samborgha, sábalo, zaborca, tasca, sabre. ▶ 2 | 40, 48.

Engraulidae | *Engraulis encrasicolus* / Bocareu, bucareu, **bocarte**. **Anchoa** (cando se envasa en lata). ▶ 1 | 62.

Argentinidae | *Argentina sphyraena* / Piardo, **arxentina**, pión de altura, piarda. ▶ 1 | 50.

Salmonidae | *Salmo trutta trutta* / Reo, troita mariña, troita maresa. ▶ 12 | 4, 6, 5, 7, 10, 14, 21, 39, 41, 66, 74, 98.

Gadidae | *Trisopterus luscus* / Faneca, **faneca común**. ▶ 69 | 1, 2, 3, 6, 7, 9, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 19, 21, 22, 30, 31, 38, 39, 40, 41, (48), 49, (50), 51, (52), 53, (54), 55, 56, 58, 57, 58, (59), 62, 63, 64, 65, 66, 67, 69, 70, 71, 72, 73, 74, 76, 77, 79, 80, 82, 83, 85, 86, 87, 88, 89, 90, 91, 92, (94), 95, 96, 97, 98, 99, 100, 101, (103).

Gadidae | *Trisopterus minutus* / **Faneca menor**, **fodón**, macho. ▶ 20 | 14, 21, 45, 46, (50), 51, (52), (54), 56, 63, 67, 70, 71, 73, 80, 83, 87, 88, 89, 90, 98.

Gadidae | *Micromesistius poutassou* / Lirio, bacaladilla. ▶ 15 | 40, (50), (51), 53, 65, 66, 70, 71, 87, 89, 90, 91, 97, 98, 106.

Gadidae | *Pollachius pollachius* / Abadexo, badexo, corbelo, badeixo, sarreta. ▶ 33 | 6, 12, 14, 21, 30, 39, 40, 41, 45, 46, 48, (51), (52), 53, (54), 56, 57, 65, 66, 67, 72, 77, 80, 87, (88), 89, 90, 91, 94, 96, 98, 99, (101).

Lotidae | *Gaidropsarus vulgaris* / Faneca barbuda, **barbada común**, barbada. ▶ 22 | 3, 12, 13, 14, 15, 16, 21, 45, 46, 50, 51, 52, 53, 58, 63, 67, 71, 72, 74, 79, 87, 101.

Lotidae | *Gaidropsarus mediterraneus* / Faneca barbuda, **barbada das pedras**, barbada. ▶ 3 | 14, 30, 57.

Lotidae | *Ciliata mustela* / Faneca barbuda, **anguía barbuda**, barbada. ▶ 3 | 4, 9, 54.

Merlucciidae | *Merluccius merluccius* / Melrusa, merlusa, **pescada**, merluza, pescadilla. **Carioca** (cando son pequenas). ▶ 49 | 3, 13, 14, 15, 30, 41, 45, 46, 49, (50), 51, (52), 53, (54), 56, 57, (61), 62, 63, 65, 66, 67, 69, 70, 71, 72, 73, 74, 76, 77, 79, 80, 82, 83, 85, 86, 87, 88, 89, 90, 91, 92, (94), 96, 97, 98, 99, (104), 106.

Lophiidae | *Lophius budegassa* / **Rape, peixe sapo**, rabada, xuliana. ► **2** | 89, (94).

Lophiidae | *Lophius piscatorius* / **Rape, xuliana**, rabada, peixe sapo. ► **7** | (54), (55), 70, 82, (88), 91, (94).

Atherinidae | *Atherina presbyter* / **Piardo, piarda, peixerrei**, peixe rei, piardón, pión, piobardo, piobordo. ► **7** | 7, 16, 49, 55, 58, 59, 67.

Belonidae | *Belone belone* / **Aghulla, agulla**. ► **20** | 4, 7, 33, 37, 39, 40, 52, 58, 59, 60, 66, 67, 74, 80, 87, 90, 91, 94, 97, 98.

Berycidae | *Beryx decadactylus* / **Castañeta encarnada, castañeta vermella**. ► **1** | 39.

Zeidae | *Zeus faber* / **Samartiño, San Martín, San Martiño, peixe de San Martiño**, peixe de San Pedro. ► **20** | 15, 16, 40, 41, 45, 46, (49), (50), (51), (52), 55, 67, 69, 77, 87, 89, 91, 92, 93, 101.

Syngnathidae | *Hippocampus guttulatus* / **Cabalo do mar, cabaliño de mar común**, cabaliño de mar. ► **6** | 1, 2, 6, 11, 15, 16.

Syngnathidae | *Syngnathus acus* / **Ghaiteiro, aghulla brava, culebra, culebra do mar, lagharta, agulla grande**, agulla. ► **13** | 1, 2, 4, 5, 11, 14, 15, 16, 20, 29, 58, 66, 74.

Scorpaenidae | *Scorpaena notata* / **Demo, escarpón, ghalíña, escarapote, escarapote da lama**, cabracho. ► **5** | 12, 39, 53, 76, 89.

Triglidae | *Chelidonichthys lucernus* / **Escacho, escracho, rubio, praiol, rubio alfondiga**, praiolo, alfóndega. ► **27** | 5, 30, 40, 49, 52, 53, 58, 60, 62, 63, 69, 70, 71, 76, 77, 79, 82, 86, 88, 90, 91, 94, 97, 98, 99, 100, 106.

Triglidae | *Chelidonichthys lastoviza* / **Escacho, escracho, rubio, praiol, roibo borracho**, praiolo, alfóndega. ► **4** | 45, 88, 91, 101.

Triglidae | *Chelidonichthys obscurus* / **Escacho, escracho, rubio, praiol, roibo berete**, praiolo, alfóndega. ► **16** | 13, 14, 50, 70, 71, 76, 77, (81), 90, 91, 45, 46, 96, 97, 98, 101.

Triglidae | *Aspitrigla cuculus* / **Escacho, escracho, rubio, praiol, roibo escacho**, praiolo, alfóndega. ► **31** | 10, 12, 13, 15, 45, 46, 49, 50, 51, 52, 53, 62, 65, 66, 69, 70, 71, 72, 76, 77, 82, 83, 86, 87, 88, 89, 90, 91, 97, 99.

Cottidae | *Taurulus bubalis* / **Escarapote bravo**, bruxa, escorpión roco. ► **5** | 30, 31, 34, 38, 39.

Cyclopteridae | *Cyclopterus lumpus* / **Lumpo, roncador**. ► **3** | 14, 24, 38.

Moronidae | *Dicentrarchus labrax* / **Robalisa, rabalsa, arrabalisa, robalo, robaliza**, rabaliza, lubina. ► **30** | 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 9, 10, 11, 12, 14, 15, 16, 17, 19, 20, 21, 22, 29, 30, 31, 38, 39, 45, 48, 78, (81), 87, 96.

Moronidae | *Dicentrarchus punctatus* / **Baila**. ► **2** | 14, 42.

Serranidae | *Serranus cabrilla* / **Vello, serrán, sarrán, cabriña**, cabra. ► **40** | 1, 2, 3, 6, 7, 9, 12, 13, 15, 16, 17, 19, 20, 21, 22, 30, 31, 38, 39, 40, 41, 45, 46, 51, 53, 65, 66, 72, 74, 80, 87, 88, 89, 90, 91, (94), 96, 97, 98, (101).

Carangidae | *Trachurus trachurus* / **Xurelo, xurel, xurela, chicharro, Chincho, manolito** (aos pequenos). ► **26** | 4, 12, 15, 33, 41, (48), (50), (51), 53, 58, 59, 65, 66, 71, 72, 74, 77, 80, 83, 87, 88, 89, 90, 91, 97, 98, 99, 106.

Carangidae | *Seriola dumerili* / **Serviola**, peixe limón. ► **2** | 15, 38.

Carangidae | *Trachinotus ovatus* / **Palometa**. ► **4** | 12, 21, 40, 46.

Sparidae | *Dentex dentex* / **Dentón, dentudo**, dentón común, dentado, buraz, pancho, panchoz, pargo, prago. ► **1** | 40.

Sparidae | *Pagrus pagrus* / **Pargho, pargo**, prago. ► **12** | 4, 10, 12, 13, 14, 15, 16, 30, 33, 56, 90, 101.

Sparidae | *Diplodus cervinus* / **Sargho, sargo beado**, sargo real, breado, sargo breado. ► **6** | 21, 38, 39, 46, 66, 74.

Sparidae | *Diplodus sargus* / **Sargho, sargo común**, sargo. ► **28** | 1, 2, 3, 6, 7, 8, 9, 12, 13, 15, 16, 17, 19, 21, 22, 30, 31, 38, 39, 40, 41, 46, 58, 80, 87, 91, 97, 101.

Sparidae | *Diplodus vulgaris* / **Chaparela, chaparella, moxarra**. ► **25** | 3, 4, 10, 13, 14, 16, 29, 30, 40, 41, 45, 50, 51, 57, 65, 78, 80, (81), (84), 90, 91, 95, 97, 98, 101.

Sparidae | *Diplodus puntazzo* / **Sargho**, sargo picudo, sargo bicudo. ► **4** | 38, 39, 40, 46.

Sparidae | *Pagellus acarne* / **Burás, pancho bicudo**, buraz. ► **27** | 4, 13, 15, 45, 46, (50), (51), (52), 53, 56, (57), 58, (59), 65, 66, 71, 72, 77, 80, 83, 87, 88, 89, 90, 91, 97, 98, 99.

Sparidae | *Pagellus bogaraveo* / **Ollomol, besugho**, besugo. Pancho, buraz (cando ollomol pequenos). ► **18** | 1, 2, 3, 6, 7, 9, 12, 13, 15, 16, 21, 22, 30, 31, 38, 39, 41, 98.

Sparidae | *Pagellus erythrinus* / **Panchoce, breca, paxel**. ► **3** | 91, 98, 101.

Sparidae | *Sparus aurata* / **Dourada, dorada**. ► **30** | 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 9, 11, 12, 13, 15, 16, 17, 19, 21, 22, 29, 30, 31, 37, 38, 39, 40, 41, 43, 78, (81), 84, 98.

Sparidae | *Boops boops* / **Bogha, boga común, boga muxe**, boga. ► **13** | 14, 16, 30, 40, 45, 50, 51, 58, 59, 66, 67, 73, 74.

Sparidae | *Sarpa salpa* / **Soupa**, samboga. ► **14** | 1, 2, 6, 12, 13, 14, 15, 16, 21, 22, 30, 38, 39, 42.

Sparidae | *Spondyliosoma cantharus* / **Choupa, pancha, petaraña, pataña, chepa, fiuncheira, peta, ferreira, ruda, tana**. ► **63** | 1, 2, 3, 4, 6, 7, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 19, 20, 21, 22, 29, 30, 31, 33, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 45, 46, 50, (51), (52), 53, (54), (55), 56, (57), 58, (59), 65, 66, 67, (69), 70, 71, 72, 73, 74, 76, 78, 80, (81), 82, 83, 84, 87, 88, 89, 90, 91, 93, 96.

Sciaenidae | *Argyrosomus regius* / **Corvina, corvina común**, perca rexia. ► **6** | 21, 30, 39, 45, 80, 100.

Mullidae | *Mullus surmuletus* / **Barbo, barbada, salmonete de rocha, salmonete de boa caste**, salmonete, salmonete de pedra. ► **44** | 3, 4, 7, 9, 10, 11, 12, 14, 15, 16, 17, 33, 39, 40, 41, 45, 46, (50), (51), 53, (54), 56, 57, 58, (59), (60), 62, 65, 66, 70, 71, 76, 77, 78, 80, (81), 87, 88, 90, 91, 97, 98, 99, (101).

Kyphosidae | *Kyphosus sectatrix* / **Choupa perezosa, choupa preguizosa**. ► **1** | 39.

Mugilidae | *Chelon labrosus* / **Muxo, muxo franco, franco, muxo negro**, muxel. ► **23** | 1, 2, 3, 6, 7, 9, 12, 13, 15, 16, 17, 19, 21, 22, 30, 31, 38, 39, 40, 41, 58, (78), 84.

Mugilidae | *Liza aurata* / **Muxo, muxo saltón**, muxel. ► **32** | 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 9, 10, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 19, 20, 21, 22, 29, 30, 31, 33, 38, 39, 40, 41, 58, (78), (81), (84), (101).

Labridae | *Coris julis* / **Señorita, doncela**, doncella, xulía, rubioca. ► **17** | 12, 14, 21, 30, 38, 45, 46, 50, 51, 66, 72, 74, 80, 87, 91, 98, 101.

Labridae | *Labrus bergylla* / **Maraghotá, maragota común**, maragota (morfo liso), martela (cando son pequenas); **pinto, bodeón** (morfo punteado). ► **51** | 1, 2, 3, 4, 6, 7, 9, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 19, 21, 22, 29, 30, 31, 33, 34, 38, 39, 40, 41, 42, 45, 46, 48, (50), (51), 53, (56), (57), (58), 66, 67, (69), 72, 74, 80, 82, 87, (88), 89, 90, 91, 97, 98, 101.

Labridae | *Labrus mixtus* / **Lavanco** (ao macho), **anela** (á femia), **maragota rei**, rei, can. ► **15** | 14, 21, 45, 46, (50), (51), 71, 80, 87, 89, 90, 91, (94), 95, 98.

Labridae | *Symphodus bailloni* / **Rascón, vello, serrán, sarrán, serrán budión**. ► **32** | 1, 2, 3, 4, 6, 7, 9, 10, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 21, 22, 30, 31, 38, 39, 40, 41, 45, 46, (48), 56, 57, 58, 74, 80, 91, (101).

Labridae | *Symphodus melops* / **Rascón, vello, serrán, sarrán, serrán vello**. ► **14** | 4, 9, 13, 14, 21, 39, 40, 41, (48), 53, 78, 91, 98, (101).

Ammodytidae | *Ammodytes tobianus* / **Bolo, manxugha, meixugha, menxugha, pión de Baldaio**, lanzón, areeiro, voador. ► **2** | 13, 16.

Ammodytidae | *Hyperoplus lanceolatus* / **Bolo, manxugha, meixugha, menxugha, lanzón común**, bolo verde. ► **13** | 6, 13, 14, 15, 33, 40, 42, (52), (59), 66, 67, 72, 74.

Trachinidae | *Trachinus draco* / **Faneca brava, peixe araña**. ► **5** | 16, 24, 34, 42, 47.

Trachinidae | *Echiichthys vipera* / **Faneca brava**. ► **6** | 34, 41, 42, 47, 48, 93.

Tripterygiidae | *Tripterygion delaisi* / **Lorcho cabeza negra**, casapo de cara negra, demo. ► **7** | 13, 14, 15, 16, 39, 40, 41.

Blenniidae | *Parablennius gattorugine* / **Tartarexa, tartareixa, demo**, cabruza. ► **5** | 13, 14, 15, 16, 40.

Blenniidae | *Parablennius pilicornis* / **Tartarexa, tartareixa, lorcha dentuda**, bruxa. ► **6** | 1, 2, 3, 6, 7, 33.

Callionymidae | *Callionymus lyra* / **Escarpón, lagharto, escarpón lira**, dragonciño. ► **20** | 6, 13, 14, 15, 16, 33, 34, 40, 41, 55, 56, 62, 63, 69, 70, 76, 77, 79, 80, 97.

Gobiidae | *Gobius niger* / **Casapo, lorcho, lorcha negra, demo**. ► **4** | 2, 3, 7, (59).

Gobiidae | *Gobius cobitis* / **Casapo, lorcho da pedra, lorcha cabezada**, gobia da pedra, gobio xigante. ► **4** | 1, 2, 30, 38.

Gobiidae | *Gobius cruentatus* / **Casapo, lorcho, lorcha de sangue**, gobio de boca vermella. ► **8** | 13, 14, 15, 16, 24, 39, 40, 46.

Gobiidae | *Gobiusculus flavescens* / **Casapo, lorcho, lorchiño de dúas manchas**, gobio nadador. ► **20** | 1, 2, 6, 12, 13, 14, 15, 16, 21, 22, 24, 30, 33, 34, 38, 39, 45, 46, 48, 87.

Gobiidae | *Pomatoschistus minutus* / **Casapo, lorcho, gobio pequeno**, gobio de area. ► **26** | 1, 2, 3, 4, 5, 6, 9, 10, 11, 14, 15, 16, 19, 20, 24, 29, 37, 43, 44, 59, 60, 68, 75, 78, 81, 84.

Gobiidae | *Thorogobius ephippiatus* / **Gobio leopardo**. ► **2** | 13, 14.

Scombridae | *Scomber scombrus* / **Xarda, rincha**, cabala. Torno (cando é pequeno). ► **15** | 33, 40, 41, 42, 45, 46, 48, (49), 58, 87, 89, 90, 93, 98, (101).

Scombridae | *Thunnus thynnus* / **Atún**, atún vermello. ► **1** | 33 (referencia O).

Scombridae | *Auxis rochei* / **Melva**. ► **2** | 49, 87.

Scophthalmidae | *Scophthalmus rhombus* / **Coruxo**, coruxa, sollo. ► **25** | 4, 5, 10, 11, 14, 29, 33, 40, 41, (50), (58), (59), (61), (69), 71, 72, 76, 78, (81), 86, 92, 93, (94), 100, 101, 106.

Scophthalmidae | *Scophthalmus maximus* / **Rodaballo**. ► **15** | 10, 13, 40, 41, 42, 62, 73, (81), 91, 92, 93, (94), 100, (104), 106.

Scophthalmidae | *Zeugopterus punctatus* / **Tapa, falso rodaballo**, tapacona, coruxo. ► **13** | 15, 16, 39, 40, 41, (50), 66, 67, 71, 74, 91, 92, (101).

Scophthalmidae | *Zeugopterus regius* / **Ollón rexio**, tapaconas. ► **7** | 6, 21, 40, 41, 45, 46, 65.

Bothidae | *Arnoglossus imperialis* / **Rapapelos imperial**, peludo. ► **4** | 50, 65, 71, 92.

Bothidae | *Arnoglossus thori* / **Rapapelos pintado**, peludillo punteado. ► **1** | 106.

Bothidae | *Arnoglossus laterna* / **Rapapelos menor**, peludo, peludo mediterráneo. ► **4** | 53, 63, 69, 90.

Pleuronectidae | *Platichthys flesus* / **Solla, solla común**, platixa. ► **24** | 4, 5, 6, 7, 17, 19, 20, 30, 34, 40, 41, 42, (54), (55), 58, (59), (60), 63, 67, 74, (81), 90, 92, 93.

Pleuronectidae | *Pleuronectes platessa* / **Solla de altura**. ► **2** | 42, (57).

Soleidae | *Solea solea* / **Linguado común**, linguado. ► **33** | 5, 9, 10, 11, 16, 20, 29, 40, 41, 42, 49, (52), 53, (60), (61), 62, 65, 69, 70, 71, 76, 77, (78), (81), 82, 84, 85, 90, 91, (94), 96, 100, (106).

Soleidae | *Solea senegalensis* / **Linguado**. ► **39** | 3, 5, 9, 10, 11, 12, 13, 15, 20, 29, 30, 40, 42, 49, (52), 53, (57), (60), (61), 62, 63, 69, 70, 71, 72, 74, 76, 78, (81), 82, (85), 86, 90, 91, 92, (94), 96, 98, 106.

Soleidae | *Pegusa lascaris* / **Acedía**. ► **27** | 10, 12, 14, 39, 40, 41, 45, 46, 49, (53), (59), 63, 65, (69), 71, 72, 76, 77, 87, 90, 91, 92, 96, 97, 100, (104), (107).

Balistidae | *Balistes capriscus* / **Peixe porco**, peixe ballesta. ► **26** | 1, 2, 3, 10, 13, 15, 16, 17, 30, 31, 33, 38, 39, 40, 41, 45, 46, 48, 58, 59, 66, 74, 80, 87, 91, 101.

Molidae | *Mola mola* / **Peixe roda, orellán, peixe lúa**, peixe lúa. ► **2** | 12, 87.

## 1.2. Especies pendentas de confirmación:

Ammodytidae | *Gymnammodytes semisquamatus* / *G. cicerelus* | **Galeota da area, lixeirón**. ► **1** | (52).

## 1.3. Especies confirmadas na zona de estudo, pero sen asignar cuadrícula:

Scyliorhinidae | *Scyliorhinus stellarus* / **Patarroxa, roxa**.

Carcharhinidae | *Prionace glauca* / **Quenlla**.

Carcharhinidae | *Mustelus mustelus* / **Cazón liso**.

Carcharhinidae | *Mustelus asterias* / **Cazón branco**.

Carcharhinidae | *Galeorhinus galeus* / **Cazón, cazón común**.

Torpedinidae | *Torpedo marmorata* / **Estrugha, tremedeira xaspeada**.

Phycidae | *Phycis phycis* / **Bertorella, bertorella de rocha**.

Scomberesocidae | *Scomberesox saurus* / **Alcrique, aghullón, chandarme, chindarme, pataghillón, paparda**.

Bramidae | *Brama brama* / **Castañeta, castañeta negha, palometa, castañeta común**.

Gobiesocidae | *Lepadogaster candolli* / **Chafarrocas, peixe lapa**.

Gobiesocidae | *Diplecogaster bimaculata* / **Peixe lapa vermello**.

Syngnathidae | *Syngnathus typhle* / **Ghaiteiro, aghulla brava, culebra, culebra do mar, lagharta, agulla brava**, agulla (referencia B).

Labridae | *Centrolabrus ocellatus* / **Vello, vello das rochas**, piloto.

Labridae | *Ctenolabrus rupestris* / **Taberneiro**.

Labridae | *Symphodus cinereus* / **Serrán común**, serrán de area.

Gobiidae | *Gobius xanthocephalus* / **Lorcho de cabeza amarela**.

Gobiidae | *Gobius paganellus* / **Lorcha das pedras**.

Gobiidae | *Gobius gasteveni* / **Lorcho**.

Scombridae | *Scomber japonicus* / **Rinchón**.

Scombridae | *Sarda sarda* / **Bonito**.